

BLOG DA BIBLIOTECA

IES do Porto do Son

E ollamos diferente da man de Alberte Pagán

Publicado por tikeles - 11/05/11 at 09:05 pm

[Alberte Pagán](#) achegounos esta tarde, no marco do Cinefórum que vimos desenvolvendo no mes de maio, a esoutro cine que se está a facer, en Galicia e fóra de Galicia, o que está presente en salas alternativas, en museos... ou en institutos que queren mostrar outros vieiros culturais.



No que vén sendo habitual no autor, os tres filmes que puidemos ver e comentar con el, entran na liña da temática social e o compromiso co home: *Pó de estrelas*, *Eclipse* e *Faustino 1936*.

Pó de estrelas é un filme organizado en catro partes onde a primeira e a derradeira conforman un breve prólogo e un epílogo que enmarcan un díptico que xoga con imaxes e voz para provocar a reflexión. Reflexión sobre a trivialidade do consumismo no que estamos instalados e a dureza da realidade máis ou menos cercana no tempo ou no espazo. O microscópico, a orixe, a vida, o progreso, o urbano, o cotián, o sexo ou a natureza repítense a grande velocidade e mudan - a un tempo illadas pero secuenciadas narrativamente no seu silencio- para dar paso ás duras imaxes do sufrimento do home, tan manidas e coñecidas, tópicas xa na dor amosada polos medios, que medran ante o espectador subliñadas polo rutineiro e baleiro do son dos anuncios televisivos. No público, o autocuestionamento. E de novo: o inicio, o home, o universo, o "po de estrelas". Poesía na imaxe.

Eclipse foi un agasallo, unha estrea só para nós. A pereira, eclipsada e eclipsante, é vida e eclipsa a vida. De novo, destellos: o tempo, a luz, o vento, o sol, a roupa a tender, a lúa, a noite, o verán-outono-primavera-inverno, a choiva, as sombras, as cores, as follas, as ponlas, a cortiza, os gromos, as flores, a voz, a intensidade do son, o gato, os ollos do gato, a vida, a morte, o íntimo.

Faustino 1936 é en realidade unha fotografía fixa coa que conforma unha película muda. Unha foto familiar para enviarlle ao tío Faustino, que non está pero puidera estar -na guerra, nas Américas-. Coas mellores galas, a familia de Alberte Pagán camiñara neses tempos os 12 quilómetros que separaban a aldea da vila para facer esta foto de estudo que, pasado o tempo, había de converterse en soporte artístico para profundar sobre a presenza do home, sobre a posibilidade ou non posibilidade da súa existencia.

Así pois, comprensivo co impacto que esta ollada diferente sobre o cine causaba nos mozos e mozas que nos acompañaron, Alberte foi respondendo as dúbidas que estes manifestaron sobre o seu proceso creativo e animounos a procurar a potencialidade creativa e artística da imaxe.